

## **SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA – PORTUGUÉS (cód. 65)**

### **Criterios de corrección**

#### **PRIMEIRA PREGUNTA (2,5 valores)**

1.1. A comprensión do texto e a capacidade que a/o estudiante ten para o sintetizar, indicando a síntese que o condense cunha extensión media de 40 palabras, en cada un dos textos. O título, de non máis de 10 palabras, debe recoller o tema en conxunto ou un aspecto relevante do texto. (0,5 valores)

1.2. Valórarse que o/a estudiante coñeza o significado que ten no texto a palabra ou expresións indicadas e que teña capacidade para explicar o seu significado. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución para outra lingua.

Cada resposta válida representa 0,10. Concederanse 0,05 valores se a resposta non é clara mais se aproxima bastante do significado que a palabra ou expresións indicadas teñen no texto e o/a estudiante consegue dar unha explicación do seu significado que non estea completamente errada.

1.3 Debe ser desenvolvido algún dos aspectos vinculados ao texto en forma de disertación cun número recomendado de palabras (100). Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do estudiantado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o asunto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -áinda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 0,5 puntos cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do conteúdo, as ideas aparezan confusas e mal ligadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,15 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan

deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

(1,5 valores)

#### SEGUNDA PREGUNTA (2,5 valores)

En función das cuestións ofrecidas concederase 2,5 valores polo texto transcrto correctamente. Restarase 0,35 por cada solución errada. E non será atribuído valor ningún se ningunha das formas incorrectas foi corrixida.

#### TERCEIRA PREGUNTA (2,5 valores)

Concederase 2,5 valores polo conxunto correcto gramaticalmente. Terase en conta a dificultade e valoraranse casos de formas ou usos non totalmente incorrectos. Restarase 0,35 por cada solución errada. E non será atribuído valor ningún se ningunha das formas foi transcrita correctamente.

#### CUARTA PREGUNTA (2,5 valores) e QUINTA PREGUNTA (2,5 valores)

Extensión recomendada 150 palabras cada.

En función dos temas ofrecidos:

- a) Preténdese que o estudiantado mostre o seu coñecemento de circunstancias sociais, políticas, lingüísticas, culturais, económicas, históricas ou actuais, de relacionamento ou comparación entre Galiza e os restantes países de lingua portuguesa.
- b) Preténdese que o estudiantado mostre coñecementos básicos da xeografía lingüística e sociolingüística do dominio de lingua portuguesa.
- c) Preténdese que o estudiantado mostre o seu coñecemento de circunstancias culturais ou sociais diferenciais de varios países africanos de lingua portuguesa.
- d) Preténdese que o estudiantado mostre o seu coñecemento dalgunha circunstancia cultural diferencial do Brasil e que as hipóteses ou realidades que mostrar sejam plausíbeis. A índole máis libre desta pregunta visa unha elaboración persoal a partir da posición da/o estudiante, onde se valorará fundamentalmente o uso lingüístico na capacidade reflexiva e compositiva.

Valorarase até 0,5 a correcta adecuación ao molde expresivo escollido e até 0,75 que a redacción exprese con claridade as opinións, presente temas, teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

#### **SEXTA PREGUNTA (2,5 valores)**

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade de producción dunha interacción oral e a súa reprodución escrita por medio dun diálogo. Con esta finalidade, a/o estudiante terá que demostrar que desenvolve adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas en situacións cotiás, informais e formais. Extensión: mínimo de 45 palabras e tres intervencións.

Finalmente, no conxunto do exame, tamén se valorará a corrección lingüística, cando non sexa inherente a unha resposta concreta, polo cal sobre a cualificación global poderán ser descontados até un máximo de 2 puntos por errores:

- A. Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do portugués. Descontaranse 0,2 puntos.
- B. Graves: solucións ortográficas contrarias ás normas lingüísticas utilizadas. Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
- C. Leves: solucións alleas aos diferentes estándares vixentes. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.